

Verónica MARTÍNEZ DELGADO

Alberte MOMÁN

Escoito os berros
das mulleres
entre o vento,
só na miña cabeza.
Conxectúroos de deleite
aínda certa de que son de dor.
Dende o frenocomio
do cerebro
recoñezo xemidos ancestrais
alén de quebrarse en cada parto,
en cada parte,
con cada produto da intelixencia.
Dominadas polas bestas,
avísanme
impúdicas
do lamento silenciado
pola man
que oprime.
Afrouxa o vento
e os berros acalman.

É a conciencia que doe
que manca
aquela que libera
que ergue as mans esforzadas
sobre o teito da opresión
e berra
 Eis o sufrimento acalado
 implosivo
 a mostrarse centrífugo cara todos e todas vós

 eis que estouro
 en milleiros de fragmentos de dor
 salpicando as vosas roupas cinicamente encartadas
 impolutas

eis que son
e digo
basta!

Son filla
da man dura sobre o rostro
da multitude que sinala o corpo espido
do aroma a cocíña
do son do axóuxere
e conservo os soños en líquido amniótico

son filla da negativa
e do desexo infame
da calma que amortece o golpe
da historia
e a estirpe que aldraxa

e malia todo
levo o tacto inxenuo
 pero seguro e firme
a voz limpa
 do berro que vinga
o son que esperta
e o amor que filtra e peneira
os corazóns atribulados